

# Manuel Vilariño Tectónica

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA  
Santiago de Compostela

Comisario: Alberto Ruiz de Samaniego

Inauguración: 19 de marzo ás 20:00 h  
Do 19 de marzo ao 21 de xuño de 2015  
Hall, Planta baixa, Dobre Espazo

# Manuel Vilariño

## Tectónica

*Tectónica* non é unha exposición máis de Manuel Vilariño (A Coruña, 1952). O que aquí se expón é unha prospección no universo creativo e poético deste autor, pero cunha perspectiva que nos permita aproximarnos á súa obra dende un ángulo ou unha visión inédita. Trátase, efectivamente, de posibilitar un traballo de *corte tectónico*, nun uso metafórico do termo, isto é, indagar e evidenciar cales son as liñas de sostemento que fundamentan a súa reflexión estética e que explican, ao modo dun impulso continuo e dun contrapunto, todas as realizacións plásticas e poéticas —a propia experiencia vital— deste creador tan singular. Esta exposición quere buscar os lugares onde se gorece o silencio ou o asombro orixinal do acto creativo, tamén o esplendor das imaxes alí onde estas fulguran quizais por vez primeira.

A exposición pensouse a partir de catro grandes vetas ou apartados temáticos e formais: Música, Poesía, Ciencia e Imaxe. En cada un destes estratos de experiencia sensible poderase contemplar unha serie de referencias fundamentais na traxectoria de Manuel Vilariño, á vez que se contextualiza e explica o universo estético do autor, non só con exemplos das súas obras, senón, así mesmo, a través da presenza da súa voz, dos seus obxectos, obsesións e lecturas, das súas viaxes e dos seus referentes culturais, musicais e de coñecemento.

Agora sabémolo, *a lección das cousas que pasan* é a lección que nos estivo amosando sempre Manuel Vilariño. Por medio dos seus versos ou das súas imaxes inmemoriais, arquetípicas, que circulan dende a realidade máis elemental —un niño, unha pedra volcánica, unha madeira calcinada, o voo dun paxaro ou a sombra dunha á— ata as figuracións máis amplas e envolventes —unha montaña que xorde entre a néboa, o océano como metáfora dun espazo ilimitado de enerxía—, o que este artista vén perseguindo ao longo dun xa moi extenso proceso de traballo é, por dicilo así, o soño inesgotable e voraz da chama da vida. O seu tránsito ou a súa combustión no medio dunha continua xeración e perda. O xogo metafísico, tamén, que está feito de ausencia, promesa, resto e renacemento ou brote.

As fotografías ou as palabras de Vilariño sempre buscaron manifestar ou convocar iso que os tratados das relixións chamaron o *numinoso*. “O numinoso —escribiu Mircea Eliade en *O sagrado e o profano*— singularízase como unha cousa *ganz andere*, como algo radical e totalmente diferente: non se parece a nada humano nin cósmico; ante iso, o home experimenta o sentimento da súa nulidade, de ‘non ser máis ca unha criatura’, de non ser, para expresarse nas palabras de Abraham ao dirixirse ao Señor, máis ca ‘cinza e po’ (Xénese, XVIII, 27).” A fotografía atrapa así a calor negra e radiante que vai deixando a súa pegada zoolóxica na forma dunha perigosa marca. O que a imaxe de Vilariño capta é o tremor fascinante dunha existencia que circula e desaparece como un camiño de lique o fai na espesura onde canta, afastado, un paxaro. A poesía ou a imaxe brotan dende este cerco crepuscular e, ao tempo, iniciático: inicial. No refuxio, niño, cela ou gorida destinada ás metamorfoses máis penetrantes e escuras. Por iso é polo que toda a tensión do acto poético se traza, como xa suxirira un poeta de constante lectura para Vilariño, J. A. Valente, no percorrido entre o paxaro e a rede, ou entre o seu canto e o niño ou a gaiola.

Esa é a danza, a música, o *ritornello* ávido, mesmo ansioso, da existencia. Como o óso do cranio e a táboa bwa, como o lume ou a cúrcuma, a crina dos cabalos ou, singularmente, o cobre que nesta exposición traballou por vez primeira o artista, a materia non é máis que o lugar das gretas e da súa danza brillante. A superficie dun crepitar onde a fulguración da cor designa a enumeración de moi diversas terras, luces, flutuacións, tensións. A enerxía, como dicimos, incansable da terra e da vida, da morte e da súa abertura de fondo. Ese fondo alquímico seu onde todo parece consumido porque todo, ao cabo, se rexenera.



Manuel Vilariño: *Tesoiras*, 1983

© Manuel Vilariño, VEGAP, Santiago de Compostela, 2015



Manuel Vilariño: *Abada*, 2010. © Manuel Vilariño, VEGAP, Santiago de Compostela, 2015

Asomarse ou sentir ese fondo produce sen dúbida feitizo e vertixe, cegamento e desorientación. Por iso é necesario tratar de instaurar un punto fixo, un centro onde a visión sexa posible. Ese é o lugar do canto, alí onde xorde, por exemplo, a canción do paxaro. Melodía exultante de vida, integrada tamén agonicamente no interior da natureza. O punto de contemplación que é o acto poético mesmo ou, por citar a un poeta que está presente nesta exposición, Wallace Stevens, a poesía en tanto que “triunfo da contemplación... O xenio poético elixe un carreiro estreito no que a paixón se sosega e o acougo se apaixona”. O niño, a montaña, os postes ou cilindros de cobre apuntan simbolicamente a esta fundación dun centro visionario. Ao esforzo por establecer un centro do mundo, sabendo que para vivir nel hai que fundalo. Son puntos de invocación poética —non só no sentido máis común deste termo, senón tamén no uso que del facían os gregos: *poiesis* como creación do mundo, xustamente—. Construcións, polo tanto, cuxa orientación ritual apunta á dimensión dun espazo que supera o meramente profano. Neste sentido, os cilindros de cobre que instalou o artista no espazo de entrada do museo funcionarían como imaxes visibles e simbólicas dos alicerces cósmicos. Así, por exemplo, a tribo india dos kwakiutl, cuxos costumes estudou o antropólogo Franz Boas, cre que un poste de cobre atravesa os

tres niveis do universo: o mundo subterráneo, a terra e o ceo. Pero esta obra dos deuses que é o universo ha de ser, á súa vez, recollida e imitada a escala polos homes. Só así se fai presente, por medio deste poste sacro, o eixe do mundo, o *axis mundi* no que se sostén e se expande a totalidade do real. Doutra banda, en tanto que limiares, todos estes lugares teñen os seus espíritos gardiáns, criaturas ou materias que, como deuses, deféndenos de toda potencia inimiga ou aciaga. É no limiar onde se ofrecen, precisamente, as cerimonias e sacrificios ás divindades tutelares, onde moitas culturas (Babilonia, Exipto, Israel) situaron, tamén, o acto decisivo do Xuízo.

Todo na obra de Manuel Vilariño remite a este fondo impulsivo, salvaxe, inmemorial. Territorio orixinario, preverbal diríamos, onde o ouveo de Ginsberg ou os sons da música xenesiaca de Olivier Messiaen se confunden coa martelada insistente das descrições apocalípticas de *The Waste Land* de T. S. Eliot. Sucede coma se o propio resoar das ferramentas como de ferreiro mitolóxico que o fotógrafo atesoura se correspondese co bramido e coa impulsión das propias bestas que retrata. Velaquí, sen dúbida, o *canto da terra*. Ou, mellor aínda, por dicilo co que a expresión, outra vez, de Wallace Stevens tan ben condensou: a presenza do *anxo necesario* da terra, a través de cuxa visión *a terra volve a verse*.

Este canto, a acción mesma do anxo, evocan sen dúbida un comezo, o tempo mítico no que o mundo aínda non existía ou estaba en proceso de aparecer. Unha dimensión cosmogónica ou plutónica que as serpes, as brétemas, as terras de lava, as areas de praias elementais e os volcáns que Manuel Vilariño adoita fotografar manifestan de forma tan plástica, superlativa.

Visión, pois, onde as montañas míticas e extremas dos volcáns de Islandia aloumiñan as brétemas ou os vapores que discorren polos seus picos e ladeiras. Ou onde os lindes do bosque rozan as follas e as pegadas dos animais da noite. Na imaxe, en definitiva, sempre afloran presenzas espidas que aniñan e fulguran na sombra. É esa visión, esa fascinación a que imanta e paraliza a mirada do contemplador. A que fixa a atención do fotógrafo ou do camiñante tomado, atrapado, desbordado pola sorpresa do mundo. É ese silencio e esa escuridade —escuridade e silencio que un bater de ás, unha cantiga ou un ouveo rompen ou interrompen— o que, coma unha campá, provoca a éxtase e o espanto, o tremor asombrado do espectador, do paseante do bosque. Entón, igual que fai a curuxa que ás veces retratou Manuel Vilariño —ese animal que ten o poder de ver de noite—, o artista asiste á creación do visible no invisible mesmo, ao vínculo entre a física, a vida natural e o seu principio ou impulso orixinario.

Esta iluminación escura, que é a noite escura da que falara Xoán da Cruz, produce, efectivamente, unha éxtase brusca, pasiva, inintelixible. Coma se o suxeito se sentise invadido por unha onda como do outro mundo, por unha sacudida e unha aniquilación que as imaxes e, a miúdo, os poemas de Vilariño tratan de atrapar e transmitir. Escenas esmorecentes ou crúas, tránsitos de tebras e descomposicións; ámbitos onde os corpos ou os ollos abismados acadan finalmente a noite máis profunda, a noite enigmática e estelar. A abertura que é o fondo onde a vida se demora e tamén, finalmente, se esborralla, como criatura atraída por esa radiación negra que brota da terra mesma, do seu lume e da súa vertixe mortal.

A esa noite insondable, que é a da vida mesma —noite que é tamén na que habita o animal—, desexa asomarse o poeta, o creador, o fotógrafo. Asómase, como apuntamos, con éxtase e con espanto. Porque aínda que esa noite tamén é ou foi el mesmo ou repousa nel mesmo, dela, non obstante, separouse. Animal non natural, animal incluso, como quería Nietzsche, problemáticamente non-determinado, o home é, ao cabo, un animal técnico. Coas súas ferramentas e cos seus saberes, coas súas disciplinas de química ou botánica e cos seus mapas, coa súa escritura e coas súas cámaras. Coas súas lecturas e



Manuel Vilariño: *Lejano Interior #28*, 2011. © Manuel Vilariño, VEGAP, Santiago de Compostela, 2015



camiñadas. En verdade toda esa técnica é tamén el mesmo, a súa prolongación natural, a exteriorización, por así dicilo, do seu esqueleto e dos seus músculos, do seu sistema nervioso e do seu imaxinario.

Deste xeito, o que apreciamos en *Tectónica* é a confluencia destas distintas técnicas que forxan unha vida. E especificamente unha vida concentrada en asomarse e, aínda máis, *dar a presenza* esta noite, esta escuridade vital, e polo tanto humana e máis que humana. A través da metáfora do paxaro, do canto e do voo, por medio, por exemplo, de figuras simbólicas de alcance intemporal —como a montaña, o niño, a cinza, o cranio, o *axis mundi* ou a cela metafísica que elaborou para esta exposición—, Manuel Vilariño desprega toda unha serie de *lugares de presenza*. Escenas de entrada para un enigma esencial; ámbitos de meditación e, ao tempo, de exposición do home ao aberto da súa existencia mesma. Como a propia cela ou gaiola existencial que o artista colocou no exterior do edificio do CGAC, esta mostra en certo xeito *anamnésica*, pois configura a recapitulación de toda unha traxectoria de vida —e ao tempo e con iso tamén un *memento* ou unha elexía *de* e *polos* seres queridos desaparecidos—, elabora unha sorte de relato de implicacións metafísicas e fenomenolóxicas de estirpe, diríamos, *platónica*. Algo, é certo, hai da mítica caverna do filósofo grego na cela que construíu Manuel Vilariño. Talvez, efectivamente, o coñecemento e a visión permitan ampliar o tamaño da gaiola. Acaso a linguaxe, a poesía, a creación nos permitan ir un pouco máis lonxe dentro da cela. É posible que a arte, o coñecemento, a música, a imaxe e a poesía consistan simplemente niso: tratar de escapar deses barrotes ou desas reixas atafegantes que nos manteñen presos na nosa propia non-determinación, na nosa innaturalidade.

Alberto Ruiz de Samaniego



Manuel Vilariño: *Ala solitaria*, 2015  
© Manuel Vilariño, VEGAP, Santiago de Compostela, 2015

**CGAC**

DEPARTAMENTO DE PRENSA E COMUNICACIÓN

Rúa Ramón del Valle Inclán 2

15703 Santiago de Compostela

Tel.: 981 546 602 / Fax: 981 546 625

[cgac.prensa@xunta.es](mailto:cgac.prensa@xunta.es)

[www.cgac.org](http://www.cgac.org)

**galicia**



**XUNTA  
DE GALICIA**

Co apoio de:

